

CARA A NOSA GRAN TAREFA

Vei sendo hora de que o galeguismo de Bos Aires —o único galeguismo aí vivo— abandoe estériles rutinas i-enfronte con decisión os graves i-esencias problemas que ten prantexado. Non é posíbel liarse a manta a cabeza e iñoralos a cotío. E mester que a nosa coledividade fite cara o seu porvir inmediato sempre en consoancia estreita con Galiza. Neste intre, que quixéramos de revisión galeguista, sería oportuno botar unha ollada retrospectiva i-obxetiva o que levamos feito derradeiramente, dende que a iniciativa da acción política nos corresponde, a prol da liberdade da nosa patria agora dobremente agrilloada, e nos preguntáramos si ficamos conformes co realizado nese senso. Soio os conformistas, aqueles que non aspiran a máis, poderían contestar afirmativamente. Nós, conxénitos inconformistas, a Deus gracias, sabemos con certeza que nada de transcendencia con relación a Galiza —deso se trata— conta no noso haber. Nembargantes, a Galiza emigrada posúe recursos d-abondoj como para facer resoar poderosamente, en todo o ámbito da patria aferrollada, o mensaxe inquebrantabel da súa liberdade. I-esto é o que doj na i-áima.

No editorial anterior de "A Nosa Terra" fixemos referencia someira ó capital problema de Galiza i-a misión histórica do noso movemento de autodeterminación política. A ée será mester voltar decote coa amplitude debida, xa que é a mesma razón de ser do galeguismo. Hoxe responde a referencia, anque de xeito lixgaio para voltalo ó ar, ó problema primordial da coledividade galega, porque ambolos dous teñen íntima relación entre si: a súa fraccionada estrutura social, i-en contrapición á grande entidade patriótica por todos agardada, capas de abranguer e mancomunar esforzos até o d-agora diluídos en pequenas tarefas de escrusivo ámbito local, intrascendente.

Para unha cabal concencia galega, o velo minifundismo social da nosa coledividade, resulta un anacronismo insufribel. Esta estrutura parcelada de tempo ido, xa non responde a madurés política que temos acadado. Dahí a lembrada espresión, algo hiperbólica, "a Galiza ideal", do inesquecibel mestre de todos nós. Si o arredamento das entidades galegas das outras peninsulares obedeceu ó impulso emocional ou diferencial do inconsciente galego, o seu parcelamento, que aínda arrastramos e padecemos, foi consecuencia da carencia de senso nacional de patria nas nosas xentes en épocas anteriores, por sorte antré nós, casi superadas. A favor do notorio acrecemento da concencia galega, albiscada na creación dos centros provinciais, boligou, e persiste sempre latente no ar da nosa vida coleditiva, unha nidia arela de xunguimento social. Após, durante anos preciosos sin remedio perdidos, a incapacidade i-ambigüidade políticas de dirixentes irresolutos, desplazados, con valiosos ascendentes nas nosas sociedades como para impular e brandeala ós catro ventos, non propiciaron o seu natural desenrolo até a súa, facíbel concreción. Cecaís, por mor da lei do menor esforzo, orredor destal loabel arela coleditiva, f xose o silencio o esqueza. ¿Tiña a masa rebasado ós seus dirixentes? Nós queremos invocar a esa concencia galega en marcha para que nosas verbas non caian no valeiro, e resoen no seo da nosa coledividade como unha campanada alboral. Coidamos imprescindibel, e máis nestas horas amaras e de ruína que vive o noso povo, que a coledividade galega se adique a madurar a súa arela até facela realidade nun futuro inmediato.

Fero compre acrarar bñ a nosa idea encol da grande Entidade Patriótica, porque eisiste outra á cal consideramos espúria. Non-a concebimos como un "colosismo mural" de siño escrusivamente hedonista, a semellanza do "eclosismo" mutualista —dito con todo respeto— do Centro Galego. Concebimola como bastida da autodeterminación i-os intres de Galiza. Velaí a súa misión esencial, intransferibel. Asíñ ten de ser. As nosas vidas galegas están tristeiramente avencelladas a unha patria secularmente asoballada. Cando a concencia galega esperta, é ese o primeiro feito brutal con que se atopa. En contra dele entón érguese en rebeldía e loita. Ben decía Castela que os galegos temos a obriga ineludibel de leitar pol-a liberdade da nosa Terra. E' evidente que soio xunguida nunha grande Entidade, imbuida dese férreo espírito patriótico, poró a coledividades galega de Bos Aires realizar unha tarefa de verdadeira transcendencia histórica. Algo semellante a comprida pol-os irlandese de Nova York a prol da liberdade da celta Irlanda. A coledividade ten a verba.

¡MOI BEN SEÑOR PRESIDENTE!...

O Galeguismo non é unha atitude persoal, senón un Movemento Patriótico Nacional orgaizado a prol da autodeterminación de Galiza. Nas atuais circunstancias dramáticas en que vive e sofre a nosa patria baixo a feroz tiranía franquista, que fixo táboa rasa con todol-os seus dereitos humanos e nacionais, o galeguismo da emigración ten a obriga esencial, a carón da súa misión ourentadora, de permanecer asexante na loita pol-a liberdade do noso país asoballado.

Foi asíñ que nos intres preelectoraís do Centro Galego, o galeguismo ergueu a voce de alerta contra a maniobra de pnetración falanxista na democrática e grande entidade mutualista galega, facilitada por actitudes pouco craras de xentes que acompañaban ao señor Villamarín nas listas da súa Agrupación, asíñ como xentes de outras agrupacións. Do mesmo xeito refugamos acedamente esa penetración falanxista no devandito Centro, cando o agasallo incalificabel ó ex consul de Hespaña en Bos Aires.

Mais hoxe queremos destacar e aprausar unha actitude diña do señor Presidente do Centro Galego, Don Xosé Villamarín Prieto. Fe-

chando o discurso pronunciado no Teatro Colón desta cidade co gallo do celebramento do Día de Galiza, un xeito contundente, emocionalmente en galego, expresou que os desexos dos galegos espaxados pol o mundo son de "pan, fartura e liberdade pra nosa Terra e pras múltiples terras onde vivimos e onde nascen e viven os nosos fillos". De igual firmeza e profundidade de sentimento galego foron as súas verbas, pronunciadas poucos días despois no agasallo a D. Xavier Vázquez Iglesias, cando afirma rexamente que "a coledividade galega tense ceibado definitivamente da tutoría hespañola".

Nesta ocasión, pois, con patriótica compracencia decímolle: Moi ben señor Presidente! As súas verbas condin con espírito democrático deste país irmán que nos acolle xeneroso; condin, ó fin, tamén co espírito democrático da importante entidade galega que preside e se debe, de xeito escrusivo, á difididade do seu nome, á vontade suprema e o esforzo dos seus asociados. As súas verbas, valiosos antecedente, será mester arrostrarillas a todos os elementos que, ó encumiarse nos postos directivos, créense donos das entidades e pretenden facer aquí sin escrupulos, como na nosa desventurada patria, taboa rasa cos seus —os nosos— sentimentos máis caros.

A NOSA TERRA

ANO XLV

Buenos Aires, Nadal de 1963

Nº 506

EISAME DE CONCENCIA

Pol-o Dr. Rey Baltar

Milleiros de anos fai que o home ven leitando por realizar o seu anejo de virir nun mundo de paz e de xustiza, e aínda se atopa como nos primeiros intres da civilización. Poderá haber moitos adiantos no que se refire ao caso da eistencia material; pero hai poucos ou ningún no respectivo ás relacións éticas e moraes. Hoxe, apesares dos grandes inventos do século pasado, que culminaron no presente co feito de converter en realidade os seños de Xulio Verne, no tocante aos dereitos dos povos e dos individuos, estamos sometidos ás comenencias dos poderosos. Hoxe dous xigantes disputanse a supremacía universal e imponen a súa lei nos territorios que domían, pol-as boas ou pol-as malas. Non hai oición.

A nosa Patria, naturalmente, está no meio do remuíño; pero, ademais no seu goberno interior, xaz victima dunha tiranía despiadada, que data da nosa loita civil derradeira, fomentada e sostida pol-o nazifeixismo e certos intereses internacionais espurios. Cunha ferocidade inigoalabel en total-as pelexas antré irmáns, prosegue a mesma teima que se puxo en práctica durante os anos de guerra e que podería eiscusarse invocando eixixencias da contenda; pero dempois de vintecinco anos de terminada, non se concibe, nin se xustifica, que continúen as persecucións, os encarceramentos i as mortes, como nos momentos máis cruéles das matanzas a oito. Soio un sentimento de sadismo ou de medo a todo o que rodea aos mandóns, eisplica esa pertinacia en manter aterrorizado ao povo cunha política que é verdadeiramente de cafrería, con perdón dos cafrés, que cecaís hoxe non sexan tan salvaxes.

A este propósito vou a citar unha opinión que non pode ser tachada de parcial, dun crego catalán, o reverendo Aureli Escarre, abade do famoso mosteiro de Monserrat. Este sacerdote, que predicou dende o púlpito que "donde non hai verdadeira liberdade, non hai xustiza", dixo nunhas decraracións feitas ao corresponsal de "Le Monde", de París, que "Hespaña, i -este é o gran problema, está aínda dividida en dous partidos. Non levamos a costas —engade— 25 anos de paz, senón 25 anos de vitoria. Os vencedores, incruída a Irexá —que foi obrigaída a loitar ao seu lado, son as súas verbas—, nada fixeron para terminar a división antré vencidos e vencedores; trátase dunha das fallas máis deplorables dun réximen que se di cristián. A maor a dos seus dirixentes —continúa— non comprenden o que significa ser cristián en canto aos principios políticos. Non med'taron sobor a encíclica "Pacem in Terris", que é a eispresión evanxélica tradicional do noso tempo. A' lus desa encíclica —termina o abade— a principal subversión é a do goberno". Isto, como se ve, é definitivo para condenar o réxime que moitos parvos louvan cando van en plan de turistas a visitar a Terra.

Pois ben; mentras de todas partes xurden berros de protesta contra o réxime que asoballa á nosa patria, a maor parte das entidades da nosa coledividade, atópase no

millor dos mundos, adicadas a obras culturais, deportivas e sociais. Con algún aito anodino, ou algún banquete aniversario, coidan xa saldada a conta que temos cos nosos mártires, que deron o seu sangue xeneroso pola liberdade de Galiza. Non, meus amigos; non é ée o modo de responder ao sacrificio dos que morreron, en defensa do noso chan, Hai que despertar aquel espírito combativo que lateaba nas nosas sociedades, enchidas de fe i entusiasmo, por unha Hespaña republicán i unha Galiza ceibe. Hai que apelar a total -as armas que estén nas nosas mans para facerle a vida imposible a ese réxime de oprobio que nos afoga. Os centos, os milleiros de homes e mulleres que xemen naquel inferno deben ver en nós, nos que estamos fora e podemos aitoar, algo que lles dea alento i-esperanza de que algún día poderán verse ceibes de tanta angustia.

Por outra parte, debemos prepararnos para cando se produza o derrubamento da ditadura —que algunha vez terá de ser— e aituvar en consecuencia. Primeiramente, temos que revisar e analizar todo o acaecido, non somentes durante a guerra, senón o que pasou antes e despois; facer un severo eisamen de concencia para non volver a cair nos erros cometidos, elaborando unha nova doutrina e unha nova acción, que estéa dacordo coas conclusións a que se haxa chegado. Non hai que se esquecer da nova xeneración; ela ten dereito a ser parte e quizaves sexa ao final o principal motor da cruzada. Non en balde haberá sofrido i -eisperimentado en carne propia os maes que lle acarrearon os seus proxenitores. A laboura é grande, dunha eistencia certamente que asusta; pero non hai máis remedio que facela, ou pol -o menos comenzala.

En esta laboura deben de colaborar total -as sociedades que teñan sincero patriotismo; ningunha se debe eiscuir con pretextos fútiles; todas teñen a obriga de facer todo o que estea ao seu alcance para ben da nosa patria.

Se fora posíbel, sería comenente, mellor dito necesario, entenderse con todol -os partidarios que se atopan na Terra e os espallados pol -o mundo, para concertar unha acción común. E non estar'a de máis realizar un congreso para acordar, sen comprometer os traballos segredos, un programa que satisfaga as eixixencias de todos -os seitores que se xunten para obra tan ambiciosa.

¿Que todo esto é unha ilusión difícil de realizar? ¿Que fan falla homes e diñeiro para levar a cabo tan magna obra? Seguramente. Pero non debemos asustarnos por nada. Si quedamos no medio do camiño, oustros virán a sustituirnos; non debemos de temer a grandeza da empresa, de-emos preguntarnos somentes, se temos folgos para facela. Pol-o menos hai que intentala. De calquer maneira, a roda do destino seguirá a súa marcha. Se nós, contribuímos a novela, ela há xirar; as causas haberán de facerse con nós, sen nós ou contra nós. Logo cando sexa a hora da colleita, que os prantos non amarguen a nosa vida, nin nos quede ningún trasacordo que xa nonos servirá de ren. Animo, pois, e non deixarse levar pol-o derrotismo dos amolecidos, que soio esperan unha esmola vergoñenta a cambio dunha humillación e da perda da diñidade, que debe estar sempre por riba de todo.

Estamos nun intre crucial da humanidade e non debemos aferrar esforzos, si queremos merecer o respecto da Hestoria. ¡Val a pena de intentar a aventura, que redundará en beneficio da nosa Patria e dos nosos fillos!

"BOOM" Turístico Hespañol

Hespaña é, por obra e gracia do totalitarismo franquista, o país máis barato de Europa pro-turismo internacional e tamén o máis esfameado... Cada ano aumenta o contingente de turistas que se dirixe á península a disfrutaren da baratura hespañola en base, naturalmente, os baixos salarios —salaris de fame— do povo traballador e, cada ano, aumenta de xeito alarmante, con ritmo de fuxida, a emigración, precisamente, ós países europeos de onde proceden os turistas que des deixan as divisas. Por onde Hespaña equilibra o déficit da súa balanza comercial co turismo e a emigración, as dúas máis importantes industrias hespañolas...

Vexamos: Dende París, a axencia "France Presse" informa que o "boom" turístico hespañol continúa desenrolándose con toda normalidade. Parez que Hespaña poría

acoller este ano a perto de dez millóns de turistas i-erguer esta cifra até trece millóns en 1967. No ano 1962 visitaron Hespaña perto de 8.700.000 turistas.

O turismo convertiuse —diz "France-Presse"— en poucos anos na primeira industria hespañola e de importancia capital pró seu desenvolto económico. O ano pasado produceu 475 millóns de dólares en divisas eistranxeiras, cando a totalidade das eispportacións non acadaron os 750 millóns de dólares.

Hespaña oferez a particularidade, única no mundo, de equilibrar a súa balanza comercial, que se eleva a 650 millóns de dólares, con recursos do turismo e os envios de fondos dos traballadores que ten no eistranxeiro (Europa Occidental), que que acadan a suma dos 175 millóns de dólares.

HOMAXE A CASTELAO

Audición especial en lembranza do XIII carbodano da morte de Castelao o día 7 de xaneiro as 21 horas por Radio Splendid.

Orgaiza Comisión Intersocietaria Galega

REVOLDAINA

O GOVERNO HESPAÑOL diante a fuxida clandestina de obreiros do "paradiso franquista" (afirmase que nos derradeiros tres anos saíron de matute uns 750.000, según recoñecen as mesmas autoridades falanxistas), imporá muitas de mil a vintecinco mil pesetas ós responsabeis que orgaice a fuxida dos esfameados obreiros ós países industrializados da Europa, como Franza, Suiza, Alemaña Occidental...

Nós entendemos que o responsabel da fuxida en masa dos obreiros é a fame. A fame e a espoliación de todo tipo que sofre o povo no paradiso totalitario franquista, o que o leva a un estado de desesperación na percura de pan e liberdade.

E diante a fame e a liberdade non valerán muitas nin persecucións, torturas e cadea... E virá o muro totalitario un inmenso muro de cemento artellado de aramos con pinchos e ametralladoras chouzando os Pirineus, para que ningún famento de fame de pan e liberdade o poida traspasar...

EMIGRACION... Antre o 1911 e 1957 (46 anos) abandoaron Galiza 1.037.567! persoas —mais da terceira parte do total da poboación do país galego. No ano 1961 a emigración galega representou ela só o 39 por cento da total hespañola, e no decenio 1952-1961 o 43, 55 por cento...

Hai provincias como a de Lugo, na que dende fai anos se observa un crescente descenso demográfico. E hai aldeas na que a maior parte das súas casas acháanse fechadas... Que din a isto os turistas de faltriqueira chea e os galegos hespañóis que andan a facelo parvo?...

Diremos de paso que o dramático problema emigratorio de Galiza, non é daga, non o criou o franquismo, que o galego emigrou coa monarquía, e coa República e, cecáis, acrecentado agora; que é consecuencia dun fenómeno económico social sen solución posibel como non sexa a traveso da súa autodeterminación nacional.

CALISQUERA GALEGO sensato diante dos rubros de riqueza que forman o potencial económico de Galiza —país dunha privilexiada situación xeográfica e con portos de primeiro orde— como ser: pesca, conservas de peixe, industria naval, madeiras, gandeira, agricultura, mineral de ferro, wolfram, estaño, caolín, etc., e o fabuloso potencial de enerxía eléctrica que fai que a nosa Terra estea en condicións óptimas para se converter nun país industrial, posibilitándolle ós seus moradores un nivel de vida decoroso, e pondo punto final ó drama da emigración.

Pois non señor... Non é asin, nin o será enxamais namentras que os galegos o permitamos.

Polo de pronto, a maior parte da enerxía eléctrica producida no noso país en vez de servir a industrias que criarian riqueza e man de obra, emigra polos aramos de outa tensión a mover industrias por Hespaña adiante.

"A vaca está en Galiza e os tetos muxeños en Madrid", dixo Castelao, e o dito séguese tendo vixencia...

As represas asulagaron milleiros e milleiros de hectáreas de leiras que producían millo e patacas, e pasto pró gando; desaparecieron baixo das augas povos inteiros, absorveron todo o aforro galego, e o fluído emigra, emigra como se nolo roubaran í, en verdade nolo rouban...

O certo é que Hespaña serve a Hespaña, e Galiza e unha colonia... ¿Cando entenderemos isto os galegos?...

¿Qué facer?... ¿Teremos de voar con dinamita os postes que sosteñen os aramos que levan a Castela o noso potencial hidroeléctrico?...

CONVENAMOS EN QUE a verba FESTIVAL é hoxe por hoxe, unha verba de moda. Festival do Cine, Festival da Poesía, Festival da Canción, do Cante Jondo, da Conga... E a Escola de Música e Guitarra do Centro Lucense, xa na onda, mandouse tamén, por que non?... o seu festivaliño, pro con guitarra. Con guitarra e aínda máis...

A primeira parte consistiu nun recital hispano-argentino (de guitarra) e a segunda parte, co subtítulo de CANCIONES HESPAÑOLAS (!?) Yolanda Maggione e Ana Mayán, cantaron "Negra Sombra" e "Lonxe da Terraña", espetivamente.

Nós coitamos, abofé, que os directores da Escola de Música do Centro Lucense entenderán moito de guitarra, si señor, o que, dende logo, lles non dá dereito a confundir e mesturar, lamentablemente o galego co hespañol...

E XA QUE ESTAMOS EN TEMA, diremos que ademais de non enxerguer doadamente, por alleira, a función que desenrola a chamada Escola de Música e Guitarra do Centro Lucense, na pelagrina teima de lles ensinar folklore andaluz ós nosos fillos —que para ese uso xa atuamos a franquista Casa de Galicia—, preguntamos: ¿e o folklore galego, qué?... ¿Non estaremos facendo o indio, señores directivos?...

E APROVEITANDO O TEMPO polos eidos lugueses, fagámoslle unha visita de cortesía ó inclito hespañolazo e arriscado socialista señor Xosé Covelo, co gallo da súa participación persoal na pintoresca e tan lamentablemente fracasada exposición de "cráneos profundos" con retratiño ó pé, auspiciada polo oubeante boletín do "ex-politburó". E alí, diante o pasmo de todos (esquecendo por un intre as concomitancias cos quisques franquistas da Casa de Galicia, invitados de honor agasallados polo señor Covelo no banquete aniversario do Centro Lucense), fixo unhas profundacións tan profundas, que pol-a súa mesma profundidade, etc., máis que un acólito de Pablo Iglesias semeia un benamado fillo espritoal de Gil Robles...

Certo é —e isto digámolo de paso— que o socialismo hespañol, ó parecer acaille ben os hespañóis, porque nelo vai impricito —igoaliño que Franco— o seren centralistas unitarios e con vontade de Imperio... (Enxérgase por vontade de Imperio a posesión das colonias de Galiza, Cataluña, Euzcadi... a Guínea...; perdón, á Guínea xa lle regalaren a súa independencia... ¿Enterouse, señor Covelo?...

LOURENZO FRAGOSO

HISTORIA DE GALIZA

O día 29 de outubro derradeiro, co gallo da presentación oficial dos dous primeiros volumes de "HISTORIA DE GALIZA", financiada por D. Manoel Puente e con asistencia de numerosa e calificada concurrencia, realizouse na súa de sesións de Centro Galego de Bos Aires un emotivo aito patriótico.

Estaban presentes ademais dos membros da Comisión Directiva da institución, representantes de todas as entidades galegas de Bos Aires e, de Montevideo, en representación do galeguismo do Uruguai, o señor Xesús Canabal, director do Banco de Galicia daquele país, e delegado do Consello de Galiza. Tamén se adheriron o aito o Colexio Nacional de Buenos Aires, a Academia Argentina de Letras e a Facultad de Filosofía y Letras.

Fixo uso da verba en primeiro termo D. Manoel Puente quen, antre outras cousas manifestou: "As miñas primeiras verbas sean de garimosa lembranza e gratitude para Castelao, o inmortal mestre que me ensinou a me sentir patriota galego integral. A ele débelle tamén o me haber despertado na miña conciencia as obrigas que se sinten coa patria. Dispois delo vi de por sí que no meu espírito alumeasen anxeos de por ó servizo de Galiza aquilo que poidera estar ó alcance das miñas posibilidades. E foi asin que ises anxeos se concretasen na decisión de promover a patrocinio que se fixera a gran Historia de que carecía a nosa patria Galiza".

"En longas conversas con Castelao, eu tiña adprendido cousas que na escola, fatura do centralismo, non se nos ensinaban, como seren: as características xeográficas, técnicas, lingüísticas e históricas que configuran a nazonalidade galega."

"Tamén lle escoitei a Castelao espor a necesidade dunha gran Historia que puxera de manifesto, ben documentadamente, isa configuración nazonal de Galiza. E"

dec a que si ben se contaba con moitos e bons estados históricos, non acádaran a cumprir pleamente aquela outa misión, por adoleceren uns de rigor histórico, estaren outros circunscriptos a un tema particular, como no caso de gran "Historia da Catedral de Santiago de Compostela" do sabio López Ferrero, e haberen ficado incompletos outros, como a "Historia de Galicia" do ilustre Murguía".

A seguido falou o señor Abelardo Estevez, quen puxo de noto o fondo sentimento de galeguidade diante de atal acontecemento da aparición dos dous primeiros volumes da monumental "Historia de Galiza" patrocinada por D. Manoel Puente, referíndose após a Don Ramón Otero Pedrayo e ós seus colaboradores, que fixeron posibel atal aportación a cultura e ó escarcemento dos valores espritoais e históricos da nación galega.

Fechou o aito o Presidente do Centro Galego, señor Villamarín Prieto quen, ó agradecer en nome da institución a entrega dos dous primeiros volumes da "Historia de Galiza" por D. Manoel Puente, dando cumprimento a un desexo nobremente cobizado do noso gran Castelao, do cal poría se decir —como se dixo doutro heroi— que segue

ganando batallas após de morto".

Non imos a entrar aquí na calificación dos valores culturais que configuran estes dous estensos volumes da Historia de Galiza que avalan unha trascendental aportación a cultura e o coñecemento de Galiza como povo e como nación.

Neste patriótico labor, artellado pol-a indiscutida autoridade intelectual de don Ramón Otero Pedrayo, traballaron os máis caracterizados intelectuais da Terra e da emigración especializados nestas disciplinas, os señores Vicente Risco, Fermín Bouza Brey Pedret Casado, Xesús Carro García, Florentino L. Cuevillas, Xaquín Lorenzo Fernández, Emilio Pita, Aquilino Iglesias Alvario, Isidro Parga Fondal, Xosé Figueira Valverde, Luís Iglesias, Anión Fraguas, Chamoso Lamas, Lois Tobío, etc., que deron forma cada un na súa especialidade ós múltiples temas que artellan estes dous primeiros volumes desta "Historia de Galiza".

Sin querer botar soma algunha encol deste feito tan importante para a cultura galega, desexamos dicir que ben se pudo facer ademais, unha edición mais económica para unha difusión maior da devandita Historia.

CONFERENCIA DO SEÑOR VALENTIN FERNANDEZ

No Casal do Centro Pontevedrés, o vernes 15 de novembro derradeiro, o señor Valentín Fernández pronunciou unha interesante e documentada conferencia co suxestivo título de "Problemas Económicos de Galiza —Forestación e Posibilidades Papeleiras—, que mantivo damente noventa minutos a atención do numeroso e calificado público que enchía a súa de aitos de entidade.

Tiremos de paso que dita conferencia, en rigor do tempo empre-

gado e os temas tratados, ben podemos afirmar que foron dúas conferencias munha. Na primeira parte —chamémoslle asin— o orador fixo un áxil e ilustrativo percorrido pola moderna xeografía económica do país galego, describindo as novas industrias instaladas e as que están en vías de se instalaren: refinería de petróleo na ona industrial de Coruña, Cementos de Valdeorras (Ourense), Cerámicas Pontesa e louza en Cabral (Vigo, fatoria de celulosa en Pontevedra e á se instalaren en Rivaden, etc. Eu cunha ben documentada estadística refriuse o señor Fernández ó elevado nivel de produción de enerxía eléctrica a surtir da primeira década deste século a hoxe, e as súas posibilidades como base para a industrialización de Galiza. Nembargantes, afirma o orador, logo de por en xogo nesta empresa gran parte do aforro galego, ollamos desespranzados como o fluído emigra do país, como se nolo roubaran, para mover industrias por Hespaña adiante, pois teñamos en conta que no artellamento das grandes represas asolagaronse milleiros de hectáreas úteis para a agricultura, sinalando ademais o orador que as ditas represas que porían realizar funcións de rego tan necesario pras nosa sementeirras, adicáanse única e escrusivamente a produciren kilovatios hora para criaren riqueza fora da nosa Terra, namentras o povo emigra.

A segunda parte da conferencia adicouna o señor Fernández a nosa riqueza forestal en función industrial (papel, fibra sintéticas, resinas, etc.) facendo unha esaltación do pino que se da en Galiza óptimo e de fácil desenrolo, posibilitando unha riqueza potencial extraordinaria. Para elo o orador, sempre baséndose en estadísticas, afirma que nun pleo desenrolo da repovoación forestal —iniciativa netamente galega, comenzada con precarios recursos pol-a Diputación de Pontevedra— Galiza convertiríase o tempo nunha potencia productora de papel e dos derivados da madeira, enriquecendo o país e posibilitando ós seus habitantes un outo e decoroso nivel de vida, factor decisivo para findar para sempre co drama da emigración.

Facendo un excitado marco a esta interesante conferencia, o coro do Centro Coruñés cantou o hino galego e unhas fermosas cantigas, recitando tamén algunhas poesías galegas.

España na Hora Cero

Mal que lles pese ós falanxistas —os derradeiros panexiristas, esultos ou intrasados, do réxime medioeval franquista, Hespaña é, coa súa irmá Portugal e Grecia, o país máis atrasado de Europa occidental, tanto no orde material como no espiritoal. Esta é unha verdade inerguibel. Ninguén a pode refutar por moita verborrea que empregue. As mesmas estadísticas oficiais póneno de releve dun xeito brutal e concruinte. Por exemplo: os hespañóis falanxistas gábanse dos saltos de auga construídos derradeiramente, pero o hespañol é, por habitante, o que menos kilovatios consume en Europa.

O baixo nivel de vida, acarón dun exigo poder adquisitivo, non ten paralelo na órbita europea. Moita xeite se pregunta cómo pode vivir esa desventurada poboación con salarios e xornaes tan cativos. Ben, na catolicísima Hespaña hai mulleres menores a oito que se prostitúen para poder vivir. Hespaña chuchada pol-as tres pragas, tan ó roxo vivo pintadas por Castelao, oxe relucen da soberba, de prepotencia e depravación moral, cheas do odio ó povo, sigue sendo o país da miseria í-a fame, as súas institucións tradicionaes.

A corrente turística das clases meia e traballadora dos progresistas países europeos que invade a súa xeografía, é a consecuencia da

miseria dos probes súbditos peninsulares que carecen de recursos ate para bañarse nos seus mares pertos. Pero si este recente fenómeno turístico o relacionamos coadesesperada emigración de obreiros e técnicos ós ricos países de Europa en procura de pan e traballo, o cadro da vida hespañola cobra relevantes témeros e dramáticos. Esto no orde económico.

E no orde espritoal ¿melloran as cousas? Pero ¿é que trascende das súas fechadas fronteiras algún conquerimento científico ou técnico, algunha obra artística ambiciosa? Os países superdesenrolados son o na medida dos homes científicos que posúe. Como Hespaña careceu e carece de ciencia é un país moi atrasado con relación ós que a teñen en outo grado. I artísticamente ¿qué pode xurdir nese "aldeón manchego" —máis aldeón que nunca— con lus de mercurio chegada dos povos creadores? Hai un cine maravilloso en Italia, en Franza, en Polonia, en Rusia... eixiste un cine hespañol? No teatro, asesiñado García Lorca, todo é chatura e ramplonería, con Pemán á cabeza. Na novela, na pintura... o mesmo, ningunha creación da valor. O único libro de resoancias europeas tivo que o editar en Bós Aires o selo Emecé co nome da "Revista de Occidente". E do teimado catolicismo hespañol ¿qué? Porque xa que lle da por ahí ós hespañóis, algo importante do seu pensamento sairá das súas imprensas. Pois nada. Os libros importantes do pensamento católico siguen escribíndose en Franza, en Italia, ou Bélxica. De Hespaña, sempre ámpito de penoso desenvolvemento artístico e filosófico ¿qué pode chegar oxe baixo as tres rixidas censuras que allian totalmente as súas fronteiras do mundo exterior?

COMISION DE PRENSA

Direitor:

MANOEL PEDREIRA
MOISES DA PRESA
LOIS GUEDE
BERNALDO SOUTO
BIEITO CUPEIRO

ESTA É A HESPAÑA FRANQUISTA

Arrepiante Documento Siñado por 103 Intelectuais

No mes de setembro derradeiro a opinión pública mundial foi conmovida por un arrepiante documento siñado por 103 intelectuais para pedir a Ministro de Informacións falanxista que se investigaran uns salvaxes atropellos cometidos cos mineiros de Asturias, co gallo da derradeira folga. Aínda que o carácter de A NOSA TERRA e a falta de espazo impídenos case sempre reproducir os numerosos documentos que a cotío denuncian o barbarismo da represión falanxista, quixemos facer unha excepción neste caso, tais son de patéticas e sobrecolledoras as acusacións que nele se fan, por homes de prestixio universal.

Como era de esperar, o Ministro negou redondamente a verdade dos feitos relatados, sin perder tempo en investigacións nin en reunir antecedentes e probas. ¿Para qué? Moito máis fácil e cómodo é dicir que son uns mentirosos as ducias de Académicos, Profesores de Universidade, escritores de sona, artistas, críticos... que tiveron o valor cívico de denunciar eses feitos, que constituían unha verdadeira ofensa para os máis elementares principios humanos.

Pero o mundo enteiro sabe que, desgraciadamente, todo eso é verdade. Unha verdade arrepiante que magoa a alma e que clama xusticia, á que non silenciará ningunha represión contra os que tiveron a valentía de erguer a súa voce de atención. O seu xesto ten xa espertada a adhesión de todol —os homes diños— i estamos seguros que non cairá no valero, nin se perderá estérilmente.

Velaquí o dito documento, que fai innecesario ningún outro comentario.

Excmo. señor:

En correspondencia ó diálogo entablado con V.E. sobor determinados feitos que nos producen unha viva inquietude como hespañoes, novamente tratamos de intrasar a súa atención xa que según o testimonio de espontáneos correspondentes que ceais se dirixen a nós na calidade, pública e visíbel, de intelectuais que manifestaron en máis dunha ocasión a súa postura humanista, estanse producindo en Asturias, relacionados coas situacións folgas, feitos como os seguintes.

1º — A morte do mineiro Rafael González, de 36 anos, a consecuencia dos malos tratos recibidos o día 3 deste mes de setembro na Inspección de Policía de Sama de Langreo.

A responsabilidades deste e de outros feitos reseñados de seguido atribúese ó Capitán da Guardia Civil don Fernando Caro, de 28 anos, natural de Melilla, destinado a aquela Inspección fai aproximadamente un mes; e o cabo Pérez, hoxe ascendido a Sarxento e dende fai tempo na citada localidade de Sama de Langreo. Dícese que o citado Capitán Caro viste un traxe de deportes durante os interrogatorios.

2º — No mesmo día e lugar, as catro da tarde, producese a castración do mineiro Silvino Zapico, que tivo que ser hospitalizado. A súa dona cortáronlle o pelo ó cero.

3º — O mineiro Vicente Baragaña, da barriada de Lada (Sama de Langreo) queimáronlle os testículos.

4º — Un mineiro chamado Alfonso, vixiante da Primera de El Fondón, retirado por silicosis e agora cobrador da Previsora Bilbaína de Seguros, foi maltratado polo agora sarxento Pérez, que o amarrara denantes. Como isto se facía na presenza da dona de Alfonso, ésta botouse sobor do sarxento no propósito de impedir que continuara, pero ele golpeou e courtoulle o pelo ó cero, operacións que se fixeron a vista do seu home,

cuyo corpo foi dempois abandonado no exterior e recollido por un compañeiro seu, de nome Senón, que o levou a súa casa de Lada. Avisado un médico "cuio nome non se di por razóns de seguridade", éste manifestou que "non sabía por onde començar", tantas eran as magoaduras que tiña o corpo de Alfonso.

5º — O mineiro Alfonso Zapico, de Lada, foi maltratado hasta producirle a frouteira do pómulo, boca reventada, etc. Foi hospitalizado (pode tratarse do caso derradeiro).

6º — Os mineiros Jerónimo Fernández Terente (casado, un fillo) y Jesús Ramo Tevera, con outros dez que están agora na carcel de Carabanchel (Madrid), foron ouxeto de malos tratos.

7º — Everardo Castra, casado con tres fillos, sofre desequilibrio mental como consecuencia das torturas i-está internado no Manicomio Provincial de "La Cadellada". Foi detido cando escribía un leitreiro —"el pueblo se vengará"— nunha tubería da Duro Felguera.

8º — Constantina Pérez Martínez ("Tina"), de La Jicara, e Anita Braña, de Lada, foron maltratadas e cortáronlle o pelo ó cero. O home de Tina está na cadea dende as folgas derradeiras.

9º — Juan Alberdi, de Lada, e outro mineiro de sobrenome "Chocolatina", foron obrigados a golpearse entre si, na Inspección de Sama de Langreo. Como fixeron un simulacro de pelea, foron golpeados brutalmente e dempois visítounos o capitán don Fernando Caro, que comentou: "Qué burros sodes! Como vós puxestes!"

10º — Unha muller, cuio nome se descoñece, foi golpeada na barriga, cando ela tratou de facer valer o seu estado de preñada, para evitarse os malos tratos. O capitán replicou ó golpeala: "Un comunista menos!". O feito dícese que ocorreu na mencionada Inspeitoría de Sama de Langreo.

Son feitos, eixcelencia, que de seren comprobados cubrirían de infamia ós seus autores; infamia que tamén nos cubriría a nós na medida en que non interveñamos, para impedir que tales atos vergoñentos se produzan.

E por elo que respetuosamente pregamos a V.E. interese das autoridades competentes unha investigación sobor as presuntas actividades do dito capitán don Fernando Caro e sobor todos estes presuntos feitos en xeral. Asimesmo, solicitamos de V.E. a axeitada información sobor de todo elo. Rogo que levamos a V.E., sin outros títulos que os que nos confire a nosa calidade de intelectuais, atentos a vida e-os sufrimentos de noso povo.

Atentamente saludan a V.A.

Vicente Aleixandre (Académico da Lingua); Pedro Lain Entralgo (Académico da Lingua e Ex-Reitor da Universidade de Madrid); Valentín Andrés Alvarez (Catedrático e ex-Decano da Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Madrid); José Luis Aranguren (Catedrático de Ética da Universidade de Madrid); Paulino Garagorri (Filósofo, colaborador da Revista de Occidente); José Bergamín (Escritor); Gabriel Celaya (Poeta); Antonio Buero Vallejo (Dramaturgo); Fernando Baeza (Editor); Antonio Saura (Pintor); José María Castellet (Crítico); Francisco Fernández Santos (Ensayista); Alfonso Sastre (Dramaturgo); Carlos Barral (Editor e poeta); Angel María de Iera (Novelista); Juan Goytisolo (Novelista); Mateos (Pintor); José María Galván (Crítico de Arte); Angela Figuera Aymench (Poetisa); Manuel Arce (Novelista); Francisco Rabal (Actor); Fernando Fernán Gómez (Actor); Juan García Hortelano (Novelista); Angel González (Poeta); Luis Goytisolo (Novelista); Gabino Alejandro Garrido (Novelista); Antonio Ferrer (Novelista); Carlos Muñiz (Dramaturgo); José María de Quin-

to (Director teatral e novelista); Rodríguez Bued. (Dramaturgo); Juan Marsé (Novelista); Angel Crespo (Poeta); Armando López Salinas (Novelista); Pa'lo Serrano (Escultor); Juana Francés (Pintora); Jesús López Pacheco (Poeta e novelista); José Esteban (Poeta); Millares (Pintor); Luc'o Muñoz (Pintor); José Manuel Caballero Bonald (Poeta e novelista); Manuel Ortíz Valiente (Pintor); Benigno Quevedo (Novelista); José Antonio Parra (Escritor); César Santos Fontela (Crítico de cine); Consuelo Bergés (Escritora); Daniel Sue'ro (Novelista); Patiño (Director de cine); José Ares (Profesor da Universidade de Madrid); Pedro D'icenta (Maestro); Juan Eduardo Zúñiga (Escritor); Lauro Olmo (Dramaturgo); Ricardo Zamorano (Pintor); Alfonso Grosso (Novelista); Manuel Calvo (Pintor); Ricardo Domenech (Crítico teatral); Pérez Navarro (Ensayista); Ramón N'eto (Novelista); Julián Marcos (Ayudante de cine e poeta); José Duarte (Pintor); Fermín de la Solana; Jorge Campos (Ensayista); Angel Fernández Santos (Sociólogo); Francisco Moreno Galván (Pintor); Marcial Suárez (Dramaturgo); José Ayllón (Crítico de Arte); Jaime Gil de Biedma (Poeta); Daniel Gil (Pintor); L. G. Egido (Crítico cinematográfico); Angelina Gatell (Poetisa); E. Sánchez; Manrique de Lara (Poeta e novelista); Eloy Terrón (Filósofo); Pablo Martí Zaro (Dramaturgo); Fernando Chueca (Arquitecto e Director do Museo de Arte Contemporáneo); Faustino Córdón (Científico); Leopoldo de Luis (Poeta); Díaz Caneja (Pintor); Ramón de Garcissol (Poeta); Ignacio Aldecoa (Novelista); Cortijo (Pintor); Adan Ferrer (Pintor); Arturo Martínez (Pintor); D. Álvarez (Pintor); José Agustín Coytiso (Poeta); Joam Petit (Traductor); Joam Oliver (Ensayista); Joaquín Horta (Editor); Jordi Carbonell (Poeta e Ensayista); Oriol Goh'gas (Arquitecto e Crítico de Arte); Joaquín Molas; María Aurelia Capmany (Directora de Teatro); Ricard Salvat (Director de Teatro); Joam Traidú (Ensayista); Francesc Vallverdú (Poeta); Salvador Esprú (Poeta); Manuel Sacristán Luzón (Catedrático da Universidade de Barcelona); Alfonso Carlos Comín; Josep Fontana (Profesor da Universidade de Barcelona); Joaquín Jordá (Ayudante de cinematografía); Román Gubern (Ayudante de cinematografía); José Luis Sureda (Catedrático da Universidade de Barcelona); Angel Latorre (Catedrático da Universidade de Barcelona).

Xosé Bergamín, Novamente no Desterro

Don Xosé Bergamín, prestixioso escritor católico, fidel coa súa concepción da vida e dos ideais cristiáns, perante a guerra civil hespañola soupo tomar a altitude diña que compria na defensa dos ideais de liberdade e democracia, que quere afogar en sangue o cruel réxime hespañol.

Finada a guerra trasladouse a México, onde desenrolou unha intensa labouza intelectual, e dempois de máis de 20 anos de exilio tiña voltado a Madrid, nun desexo de reencontrarse coa súa terra, pero ese reencontro durou ben pouco tempo. Seu espírito sempre aberto as inquedanzas e sempre solidario na protesta fronte a inxustiza, levouno a firmar o pedido que 103 intelectuais prestixiosos presentaron no mes de setembro ó Ministro de Informacións falanxista, solicitando nunha, investigación dos salvaxes atropellos cometidos contra folguistas de Asturias.

Novamente a represión caíu sobor dele por ese seu xesto humano e xeneroso. Perseguido polo falanxismo tivo de refuxarse na embaixada do Uruguay en Madrid e días pasados chegou a República Ourental para començar unha nova xeira de desterro que o ennobrece e prestixia.

Nós rendémoslle o máis fondo homaxe de simpatía.

UN NOVO DELITO NO PARADISO FRANQUISTA

Por ser foran poucas as mostras da súa barbarie, cada día que pasa o falanxismo estanos a dar novas probas do seu espírito cerial e criminal, ne que non cabe o mais lene sentimento de liberdade e democracia, aínda que eles arden a espallar as parvadas dunha pretendida "democracia orgánica".

Unha vegada é a noticia arrepiante de eliminación criminal dun inimigo político, aplicando os máis "refinados" procedimentos de que sería capaz un prehistórico home das cavernas outras a noticia reviste características menos dramáticas para caer no ridículo e convertirse nun motivo máis de vergoña para un país que se precie de civilizado. Pero sempre, sempre a traveso desas novas, amóstrase a negación total dos máis elementares dereitos humanos e até da mesma dignidade personal. Valores eternos que esclárecen as figuras máis preclaras da humanidade enteira e que defenden as máis resoantes encíclicas papaes, pero que os falanxistas negan e persiguen co mesmo criterio os tristemente recordados tercios de Flandes. Intransixencia, cerrilismo, eliminación do home que sinte a labarada interna da súa propia verdade e discrepa

coa verdade oficial; velahí os únicos atributos do falanxismo, a derradeira creación do espírito imperialista castelán, asoballador de povos e destructor da súa capacidade creadora.

Por fortuna a noticia que nos move a este comentario non adquire esta vegada o dramatismo deses derradeiros "axusticiamentos" no bárbaro garrote vil, pero si mostra ben craro a crase de liberdades que ten o povo galego baixo o falanxismo, que chega a considerar delito ter conversas con persoalidades eixtranxeiras ou chamar a policía política polo seu nome.

Velaquí a noticia que entresacamos de "La Nación" do 30 de outubro, recollida a súa vez de "The New York Times".

"Un mozo socialista foi procesado por haber calificado de "policía política" ós axentes do orden vestidos de civil que o arrestaron. O fiscal xa cárrago das situacións procesadas manifestou que os termos eran agraviantes porque o réxime hespañol nos ten "policía política"..."

"O acusado é Carlos Zayas Ma-

riategui, de 30 anos, administrador do "hotel Tirol, de Madrid".

"Na audiencia do tribunal civil o inculpado eispresou que derradeiramente haba sido sometido a unha corte marcial e sentenciado a óus anos de cadea por haber tido contactos con líderes europeos, tales como o Ministro de Relaciones Eixtranxeiras de Bélxica, Paul Henri Spaak; Pietro Nenni, de Italia, e membros do Partido Laborista Británico".

Folgan mais comentarios sobor desta nova proba da persecución falanxista que persigue e mete na cadea por dous anos a un home polo-a sola acusación de que tivo contactos con figuras de relevante significación internacional, e vólveno a procesar por afirmar o que todo o munda sabe; que o falanxismo ten unha "policía política" que espía todol-os días a milleiros de cidadáns que polo seo feito de discrepar coas ideas falanxistas ven en perigo a súa liberdade persoal, o sustento dos seus fogares i-o que é máis dramático, a súa propia integridade física, ameazada de cote por torturas e pola morte mesma a mans duha policía política que constitúe un motivo de vergoña para a humanidade enteira.

EMIGRACION E POLITICA

O fenómeno emigratorio lóxico remanencia dos baixos índices económicos con que vive o pobo galego, que dende tempos lonxanos constitúe un mal endémico do noso país ven amostrando dende fai algúns anos, unhas preicións e particularidades que representan un troque total do que xa por tradición era meta pouco menos que obrigada dos anxeos traslativos dos galegos: os países de América.

Non imos profundar aquí "in-xenxento", as moitas e decorosas implicancias que pra Galiza ten a saída masiva de importantes sectores de sua población, senon ollar á lus da realidade actual da nosa Patria, aspectos do problema en relación coa situación económica social en que a sua vida se desenvola.

E creencia xeneralizada nos círculos políticos, económicos, etc. de Capital do Estado español, á que lle fan coro algúns galegos que por non sentilo descoñecen a realidade do problema, que a emigración galega e un mal inevitable rosto que serve pra nivelar o escedente demográfico vexetativo en relación ós elementos de vida existentes na nosa Terra. Mais ningún está millor autorizado que nos, protagonistas da aventura emigratoria, pra demostrar ó reflexo da propia experiencia, que tal creencia resulte un tópico inconsistente xa que si en Galiza se aproveitaran con senso utilitario (como acontece nos países onde moramos gracias o cal gozan moitas veces de meirande riqueza) moitos recursos que a rutina ambiental nin siquer e capaz de maxinar a sua magnitud. moí outro serían os xeitos de vida do nose povo.

Non é certamente ningunha novidade nin resulta sorprendente a tendencia "emigracionista" do reaccionario centralismo hespañol. Os que sempre padeceron a ouseión de continuar a "Historia de Hespaña" teimaron dende sempre utilizar ós emigrantes como ven-cello aitivo das serodias e decadentes teorías da Hispanidade. A iste repeito lembramos o discurso pronunciado fai algúns anos na cidade de Zaragoza polo ex ministro do Goberno falanxista Martín Artajo, en conmemoración do chamado "Día de Raza" onde afirmou "que Hespaña tiña mester de que saíram anualmente, cara ós países de América cento cincuenta mil hespañoles pra que manteñan viva a chama do Hispanismo". Se a isto lle engadimos que nun país de estrutura económica social ríxido e atrasado como e a hespañola, incapace de desenvolver os seus propios recursos procura a compensación cos recursos extraterritoriales que fornecen os emigrantes; dis-te xeito, ademais cóutose o perigo potencial de que homes que non atopan solución ós seus naturais anxeos dunha vida millor polas limitacións e oustáculos do medio onde moran, procure por meios revolucionarios o troque v'olento das estruturas que se opoñen ás súas aspiracións e xustos dereitos.

O "modus operandi" do Goberno español en materia emigratoria, pode a curto prazo dar resultados totalmente opostos os oxetivos degoirados, posto que o fluxo emigratorio, que denantes se dirixía ós países de América encánase agora os cults e progresistas países europeos traerá un troque na mentali-

dade do home indixena cando volta o establecer comparanzas que non poden ser favorabeis pró réxime hispano. Ista realidade e doadamente reflexada no comentario do corresponsal do xornal londinense "The Observer", Hugh Thomas, cando di: "Cáseque seicentos mil obreiros hespañoles, inda denantes de toda adhesión ó Mercado Común Europeo, traballan en países europeos e remesan ós seus fogares divisas fortes; mais tamén outeñen novas ideas no eisterior. Ven películas, por exemplo, que a censura non permite ollar en Hespaña e cando tornan ó seu non se sinten felices. A concencia crecente de que Hespaña forma parte enteirante de Europa e posibel ouseirante en toda las crases sociaes".

Poden os círculos políticos centralistas pretender facer da emigración unha "razón de política nacional" mais ningún galego que teña un elemental coñecimento da riqueza potencial que atesoura o noso país pode aturar pasivamente semellante pretensión. Galiza é unha terra con dabando recursos como pra manter uotos tantos moradores como os que atualmente ten, e resulta criminal antipatriótico e anticristiano, esgarzar povos e familias na aventura emigratoria, namentras na propia Terra xacen as riquezas agardando un racional e intelixente aproveitamento. Si os hespañoles queren "continuar a Historia de Hespaña" que o fagan en-bora, mais nós, os galegos temos a patriótica obriza de encetar de contado os roteiros da propia Historia, que terá de ser mais xusta, mais ceibe e progresista da que deica agora nos tocou vivir.

A NOSA TERRA

REGISTRO NACIONAL DE LA PROPIEDAD INTELECTUAL (en trámite)

Redacción: AVENIDA BELGRANO 2186

Economía Antiprogresista

A situación económico-social imperante na Hespaña actual, fica moi lonxe de se caracterizar polo sino da prosperidade, como certos círculos intrasivos, de reaccionarias tendencias coincidentes co falanxismo se empeñen en facer creer.

Non se fai mester por de relevar moi sabido, que os tres alicerces sustentadores da tiranía franquista foron e son as crases mais cerriles e antiprogresistas da sociedade peninsular: a Irexia, o Militarismo e a oligarquía latifundista. Namentras estas forzas manteñan nas suas máns o poder político resultará utópico e ridículo falar de prosperidade e progreso social posto que movidos por un elemental instinto de conservación, procuran manter unha liña de sustentación de revellidos e feudales privilexios, opostos a todo anxeio renovador. Non pode existir un verdadeiro proceso de desenvolvemento namentras perviven as actuais estruturas cuia dinámica anacrónica, posta ó servicio do proteccionismo antisocial de sectores monopolistas e parasitarios, son un valado que se opón a todo intento de expansión económica racionalmente orgaizada.

E certo non embargantes, que o inmovilismo da economía hespañola perdeu parte da rixidez que sempre a caracterizou até fai poucos anos. Tamén é certo que na década derradeira operouse unha millora na economía peninsular mais elo non supón nin moito menos un troque substancial da política económica seguida polo réxime dende a súa subida ó poder. No primeiro caso, a meirande ductilidade ousevada ven sendo imposta pela presión das circunstancias que rixen as relacións comerciais co meirande cliente dos productos hispanos: Inglaterra. Se iste país houbera enteirado o Mercado Común Europeo, os productos hispanos terían deslizado do mercado inglés ós exportadores hespañoles, aforando dis-te xeito o meirande espazo comercial conque

conta a economía peninsular. Velahí pois porque o ministro de Comercio do goberno franquista, Sr. Ullastres manifestou non fai moito que: "a enteiración no Mercado Común Europeo é un problema que nos prantexan os demais". No segundo caso, ou sexa no tocante a pretendida prosperidade da economía hespañola, que se tencionaba atribuir como un éxito logrado polo xenio previsor do réxime falanxista, en deixar de recoñecer que existe unha millora con relación ós derradeiros anos, compre sinalar que recentemente no 1954 logo de 18 anos de implantado o falanxismo poído emparellarse o nive de vida existente en 1936. Val decir entón que non somente foi incapace de fornecer un razoabel desenvolvemento económico, senon que ademais retardou o natural proceso vexetativo normal en calquera país regularmente orgaizado o fica o marxe das correntes comerciais e do progreso económico social que das mesmas remanece.

No primeiro caso elo tragaría aparelado ventos anovadores coa destrución das forzas que actualmente tiranizan o país posto que, ó entrar en expansión as novas crases empresarias, mais dinámicas e intelixentes, as velas serán doadamente neutralizadas. Estas son as razóns da oposición ás chamadas correntes funcionais con que se desixía es que situan en el da enteiración económica co Mercado Común Europeo de parte do fato que vive a protección das leis actuais; o I.N.I. e os sectores monopolistas protexidos polo Estado cuberto de toda acción competitiva cuia pervivencia e imposibel en todo país racionalmente orgaizado.

A liberdade económica trae aparelada a liberdade política, velahí pois a incompatibilidade que existe entre progreso económico social e a bárbara dictadura que actualmente agrilloa ós povos ibericos.

O PENSAMENTO VIVO DE CASTELAO

Atribuímolle á imposición oficial e cultural do castelán o silencio literario de Galiza non como acto de resistencia pasiva senon como efecto natural do bilinguismo, por falar na língoa que non se escribía i escribir na língoa que non se falaba.

Cando a língoa imposta mata de todo á língoa sometida e decir, cando a violencia chega até o aseñado, pode o povo recobrar a súa facultade de expresión artística. Sirva como exemplo a vitoria do latín sobor da língoa —probablemente céltiga— que denantes se falaba en Galiza. Pero a língoa castelán non tiña forza dabondo para matar o galego, que acababa de ser —pol-o súa língoa— o idioma preferido na mesma Corte de Castela, e no tocante á enerxia cultural que se irradiaba dende a nosa Terra abonda citar unha frase do P. Fita: "Galicia, madre fecunda de la cultura española en la alta Edad Media". Así resulta que dispós de tantos séculos de opresión, o galego aínda existe e conserva integramente a súa aptitude cultural. O castelán non chegou a ser o idioma único e, polo tanto, non se poden xustificar os seus atentados imperialistas.

Por outra banda consideramos como actos bárbaros os atentados á vida dos idiomas. ¿Qué diríamos se o Estado mandase derrubar o Fórtico da Gloria? Pois eu digo que o noso idioma é unha obra de arte mil veces superior á obra do mestre Mateos. Creouna o xenio inviolable do noso povo e labrouna o amor, a door e a leñicia de moitísimas xeneracións. Unha língoa é mais que unha obra de arte; é matriz inagotable de obras de arte.

Xa dixemos que a Eirexa foi un axente aitivo da desgaleguización, cicais para correxir os particularismos do culto católico en Galiza ou por arredar ao povo galego da influencia terrenal dos cregos e frades indixenas. O caso foi que os misioneiros da mística castelán desbotaron a galego das prátic-

cas religiosas. Os eclesiásticos e os notarios lograron que o galego deixara de escribirse; pero non lograron que se falase o castelán, pois durante os tres séculos de silencio literario non se falou en Galiza máis que un idioma: o galego. Dispós xurden novos axentes desgaleguizadores: as Escolas públicas e a Universidade de Santiago, que, por descoñeceren a existencia do galego, ensenaban o castelán... A guerra ao galego agravouse no século XIX, pol-a inflación burocrática do réxime de provincias e por certas supersticións do progreso... O idioma oficial da Administración, da Eirexa, do Exército, do Ensino e de toda situación pública, logra infiltrarse nas camadas burguesas da cidade provinciana, debido á influencia dos funcionarios, dos militares e tamén dos comerciantes e tendeiros, alleos ao país. O castelán conquire no século XIX o seu primeiro triunfo. Xeneralízase no linguaxe corrente dos elementos burgueses; pero nin chega até os artesáns nin traspón os lindeiros da cidade. Este acontecemento provoca noso ver, a renascencia das Letras galegas.

Cando na Galiza, xurde unha minoría de fala castelán ou bilingoa, é decir, cando algúns galegos de cidade falan de corrido na língoa que dependeron a escribir, rómpese o silencio literario de Galiza. E rómpese nos dous idiomas. Xa no século XVIII os nosos grandes aruditos deixan adiviñar a sorpresa que o século XIX nos tiña reservado. O P. Feixóo —aldeán de orixe e galeguísimo pol-o espírito— apenas repara nas posibilidades culturais do mundo da rego. O P. Sarmiento —fillo da cidade e fidalgo de língoa castelán—ponse a carón da natureza, bebe na cencia dos labregos e trata de reivindicar a dignidade do noso idioma. Tiña de ser un galego de cidade e de fala castelán o que se sintise doído por non falar a língoa do povo e por non ter, de certo, unha língoa que poidera chamar

súa; mais os aldeans falan galego sempre coa mesma sinxeleza con que cantan os xilgaros, sen decaírense da frescura do seu cantar. Dispós algúns homes de letras, que falan indistintamente o castelán e o galego, pónense a escribiren poesías e contos, imitando a expresión afeitiva dos labregos. E d-este xeito comenzou a renacer a língoa de Galiza, cando máis ameazada se vía pol-a língoa de Castela.

A renascencia das Letras galegas foi un acontecemento feliz na vida espiritual da Hespaña. Abondaría con citar un nome pra demostrarlo: Rosalía de Castro. E aínda nos quedarían nomes d-abondo para que a literatura galega do século XIX merecese o respecto de todos. Certo que a literatura galega comenzo pol-a poesía lírica —fenómeno natural en todos os renascimentos— e que as obras en prosa foron escasísimas. Tamén é certo que a laboura científica i erudita, así como as propagandas políticas —incluso as rexionalistas— facíanse decote en castelán. Con todo é indiscutible que as Letras galegas contaban a fins do século pasado con obras de verdadeiro mérito. Pois ben; en ningún grado do ensino primario, secundario ou universitario, se lle concede atención á nosa língoa e á nosa literatura. Así, un galego pode, sen saír de Galiza, conquiren un título universitario, exercer unha profesión liberal e iflorar que existeu Rosalía de Castro.

Neste século a língoa galega sigue cultivándose en todos os xéneros literarios. O ano 1916 xurde o movemento nacionalista, iniciado pol-as "Irmandades da Fala". Os galeguistas saen da cidade para falaren aos aldeans no seu propio idioma e ao mesmo tempo infiltranse nas camadas burguesas. Publicase a revista "Nós" —órgao da cultura galega— e o boletín "A Nosa Terra" —órgao político dos galeguistas—. Créase a editorial "Céltiga" no Ferrol, a "Lar" na Cruña

e a "Nós" en Compostela. Publícase unhas catrocentas obras literarias que consolidan e fixan a unidade do idioma. En 1923 fúndase o "Seminario de Estudos Galegos" pra centralizar os traballos de investigación e inaugurar en Galiza unha solidariedade científica que supla as deficiencias da Universidade. Este Seminario publica numerosísimos traballos en galego e colócase á par dos mellores Centros similares de Hespaña. A todo isto as conferencias, os discursos, os folletos, as emisións por radio e demais maneiras de difusión, chegaron a faceren da língoa viva do povo o idioma culto e familiar dos intelectuales. Así n-estes derradeiros anos, produxose a máis completa eclosión da cultura galega, con resoancias en Portugal e no estranxeiro.

Pois ben; a Cataluña concedéuselle a cooficialidade do idiomas e o bilinguismo escolar, por decreto do Goberno provisional da República, antes da promulgación do Estatuto. Un decreto menos ambicioso Foi reclamado para Galiza, e un mesmo Ministro de Instrucción Pública enganounos dúas veces — unha o ano 1931 e outra en 1936— con promesas que non foi capaz de cumprir. Isto demostra que as concesións outorgadas a Cataluña non teñen o seu orixe n-unha estimación dos dereitos que lle corresponden como povo diferenciado. Foron

outorgadas como privilexio. Pode decirse que o feito político de Cataluña eisixía solucións inaplazables e que a oficialidade do idioma catalán non podía demorarse; pero é que os problemas do bilinguismo existen en Valencia, Baleares, Euzcadi e Galiza. ¿Por qué non se consagrou na Constitución o dereito de todos os hespañoles a usaren a súa língoa materna? E fora do problema nacional da cultura. ¿qué razón pode aducir un Ministro de Instrucción Pública para non estimar o problema pedagóxico que plantea o bilinguismo nos povos de fala non castelán? Porque a solución do problema pedagóxico era tan inaplazable en Cataluña como en Galiza.

Os repúblicos non ifloran que existe un idioma galego perfectamente vivo; pero seguiron mandando a Galiza escolantes que non entenden aos alumnos, notarios que non entenden aos requirentes, rexistradores que non entenden aos solicitantes, xueces que non entenden aos testigos, etc. E aínda pode calquera empregado público decirlle a un galego: "Hábleme usted en cristiano".

Temos dereito a condenar a guerra civil dos idiomas hespañoles e pedimos que volvan a convivir. Pedimolo en nome dos principios que sosteñen á República i en nome dos nosos anxeos de reconciliación peninsular.